XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefóno 981 544 007 – Fax 981 545 025

# FICHA RESUME

| | | |
|---|---|---|
| **Ano** | **2009** | **PE403A 2008/77-1** |
| **Entidade** | CONFRARÍA DE NOIA | |
| **Plan explotación**(1) | MOLUSCOS BIVALVOS | |
| **Réxime** (2) | AUTORIZACIÓN | |
| **Modalidade** (3) | A PÉ E A FLOTE | |

| | |
|---|---|
| **Especies** | Ameixa fina (*Tapes decusatus*), ameixa babosa (V*enerupis pullastra),* ameixa xaponesa (R*uditapes philipinarum),* berberecho (C*erastoderma edule)* e cornicha (S*pisula solida*) |
| **Ambito do plan** | Toda a zona de autorización |
| **Subzonas de explotación** | |

| | | |
|---|---|---|
| **Participantes no plan de Explotación** | | |
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| 505 | 504 | 1.223 |
| **Ampliación do número de permex** (4) | **Si** | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| | **10** | |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Calendario de explotación** | | | | | | | | | | | |
| **Días máximos de extracción** | | | **131** | | | | | | | | |
| **Época y zona probable de extracción** (5) toda a zona autorización. | | | | | | | | | | | |
| **Modalidade** (3) a pé e a flote | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
| X | X | X | X | | | | | X | X | X | X |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Topes de captura**(6) | | | |
| **Especies** | **A pé (kg/mariscadora/día)** | **Embarcación** | **kg/tripulante/día** |
| Berberecho | 25 | | 40 |
| Ameixa fina | 12<br>15 (decembro) | | 12<br>15 (decembro) |
| Ameixa babosa | 12<br>15 (decembro) | | 12<br>15 (decembro) |
| Ameixa xaponesa | 12<br>15 (decembro) | | 12<br>15 (decembro) |

| | |
|---|---|
| **Artes a empregar** | Rastro ou gancha, rastrillo ou angazo, sacho a pé.<br>Rastro de berberecho e rastro de ameixa a flote |

| | |
|---|---|
| **Puntos de control** | Puntos de control a pé: San Cosme, Misela e Broña.<br>Puntos de Control a flote: Testal, Misela-Flote e Freixo |
| **Puntos de venda** | Lonxas de Testal, Freixo. |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefóno 981 544 007 – Fax 981 545 025

| **Accións a realizar** (7) | **Épocas probables** (8) | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rexeneración zonas improdutivas** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** |
| Zonas: Saíñas | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Extracción semente para resembra** | | **X** | **X** | **X** | | | | | | **X** | **X** | **X** |
| Zonas: Todas, para engorde en zonas que non sexan da confraría de Noia | | | | | | | | | | | | |
| Especies: ameixa xaponesa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Sementeiras** | | **X** | **X** | | | | | | | | | |
| Zonas: Misela | | | | | | | | | | | | |
| Especies:berberecho | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Traslados** | | **X** | **X** | **X** | | | | | | | | |
| Zonas: zonas ó norte da liña que une Pta. Barquiña e Pta. Forniño cara a Misela | | | | | | | | | | | | |
| Especies: berberecho, ameixa fina, e ameixa xaponesa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rareos** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Limpezas e arados** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** |
| Zonas: todas para limpeza de algas e arribazóns. Arados zonas localizadas que o necesiten | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Outros: captura predadores** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** | **X** |
| Zonas: todas | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | |

**Outras consideracións** (9)

**Participantes:** No plan presentado inclúen un total de 512 embarcacións, pero conforme os datos da Consellería hai un total de 504 embarcacións co recurso marisqueo Z4 da confraría de Noia, máis as embarcacións incluídas das confrarías de Muros, Porto do Son e Portosín.

No plan presentan un total de 399 embarcacións da confraría de pescadores de Noia, pero conforme os datos da Consellería hai 394 embarcacións coa arte de marisqueo Z4 nesa confraría. Na relación de embarcacións que figura no plan non inclúen a embarcación que dispoñe no seu permiso de explotación de marisqueo Z4 e está asociada á confraría de Noia. Así mesmo, inclúen no listado 6 embarcacións que non dispoñen de permiso de explotación en vigor, por telo denegado, en suspensión definitiva ou non renovado: e .

No listado de embarcacións da confraría de Porto do Son hai un erro no nome da embarcación que se corresponde coa matrícula , que é e non .

O listado presentado coas embarcacións de Portosín é de 35 embarcacións, delas, 3 non poden estar incluídas: é da confraría de Noia, é da Confraría de Cariño e o seu nome é e a que non ten o permiso de

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefóno 981 544 007 – Fax 981 545 025

explotación vixente.

Respecto aos tripulantes obsérvase un incremento en 61 respecto ao ano 2008 (1162).

No caso dos permisos para o marisqueo a pé obsérvase unha redución de 38, non solicitándose a cobertura das vacantes producidas.

**Ampliación:** reitérase a solicitude de ampliación en 10 do número de permisos para embarcacións. Segundo a información dispoñible da evolución das capturas e do estado do recurso é posible acceder a ampliar en 10 o número de permisos para embarcacións na modalidade de marisqueo a flote que serían seleccionadas en función do baremo que aprobase a Dirección Xeral de Recursos Mariños. Sen embargo, a Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes na Comunidade Autónoma de Galicia reflicte que non se poderán incrementar ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, coas que tradicionalmente se vén exercendo o marisqueo desde embarcación. Polo tanto, e en tanto non se modifique a normativa anterior non poderá levarse a cabo a ampliación solicitada e aceptada.

**Cotas máximas de captura:** tendo en conta os bos resultados acadados as cotas máximas de captura para ameixa fina, babosa e xaponesa será de 12 kg/mariscadora ou tripulante/día, agás para o mes de decembro que será de 15 kg/mariscadora ou tripulante/día. Non obstante, así o deberán indicar na solicitude de apertura para o mes de decembro co obxecto de que a Delegación Territorial poda ditar a resolución correspondente.

**Artes:** A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o se uso requirirase da aprobación dun plan experimental.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Documentación que acreditativa de que o plan de explotación foi aprobado polo órgano competente da confraría (xunta xeral).
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.